

III CONCURSO FOTOGRAFICO

“DÍA INTERNACIONAL DA MULLER RURAL” CONCELLO DE NEGREIRA

BASES DO III CONCURSO FOTOGRAFICO

1. Finalidade

O Concello de Negreira promove o **III Concurso Fotográfico “Día da Muller Rural de Negreira”**, co gallo da celebración o vindeiro 15 de outubro do día internacional da muller rural, co que se busca reivindicar o papel da muller, recoñecéndose o seu papel e contribución na promoción do desenvolvemento agrícola e rural, mellora da seguridade alimentaria e a erradicación da pobreza no rural. O obxectivo é facer partícipes ás persoas para que fagan chegar as súas instantáneas, nas que as mulleres deben ter un papel protagonista. A continuación, expóñense as Bases do III Concurso Fotográfico “*Muller Rural*” do Concello de Negreira, en diante, o Concurso.

2. Temática

A temática principal é a reivindicación do papel das mulleres no mundo rural, buscándose fotografías que incidan no concepto de orgullo da realidade rural das mulleres de Negreira. Así, búscanse imaxes nas que as protagonistas sexan as mulleres, con especial atención a aquelas fotografías que plasmen as actividades de agricultura e gandería, así coma aquelas outras que se enmarquen dentro do ámbito rural. O obxecto é reflectir a realidade da vida cotiá, visibilizando a labor e contribución no desenvolvemento local das mulleres neste ámbito.

3. Organizador

O **Concello de Negreira** (en diante o Responsable), con domicilio social no Carmen, Nº 3 (Negreira, A Coruña), CP: 15830 e CIF P-1505700C, quere por en marcha o III Concurso Fotográfico “*Muller Rural*” do Concello de Negreira (en diante o Concurso), coa finalidade de poñer en valor o papel da muller. A dinámica do concurso basearase en que as persoas participantes deberán enviar a súa fotografía ao enderezo electrónico cimnegreira@yahoo.es. Unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, as instantáneas presentadas serán valoradas por un xurado composto por profesionais que escollerán as mellores imaxes, en función duns criterios que se explicarán nas presentes bases. O Concurso rexerese seguindo as presentes Bases Legais.

4. **Ámbito territorial e carácter do Concurso**

O Concurso é de participación aberta, e levarase a cabo no territorio español. No Concurso pode participar calquera persoa física maior ou menor de idade -neste último caso, sempre e cando presente o consentimento dos titores/as legais-, residente legal en España, que complete todo o proceso de participación descrito nas presentes bases. Poden presentarse ao Concurso tanto profesionais como *amateurs* da fotografía. En caso de que a persoa participante resultara gañadora no Concurso, deberá ter dispoñibilidade para acudir, de xeito presencial, a recoller o premio o día que o Responsable e a persoa gañadora acorden para dito fin. Só se permitirá unha participación por persoa, polo que a mesma persoa participante non poderá concursar máis dunha vez. Non poderán participar neste Concurso as persoas vinculadas á organización deste evento (CIM de Negreira) nin ás persoas que formen parte do xurado que elixia á persoa gañadora do Concurso, nin os seus familiares de primeiro grao de consanguinidade. Para formalizar a súa participación no Concurso, as persoas interesadas deberán encher o formulario de inscrición, enviar a fotografía coa que desexan participar a través do enderezo electrónico cimnegreira@yahoo.es -un máximo dunha imaxe- que cumpra cos requisitos fixados na sección **Envío das fotografías e requisitos técnicos** das mesmas- e incluír, nese mesmo correo electrónico, os seguintes datos de contacto: nome e apelidos da persoa participante, DNI, dirección postal e un teléfono de contacto. En caso de que a persoa participante sexa menor de idade deberá presentar, así mesmo, o consentimento dos titores/as legais. Tanto o formulario de inscrición como as presentes bases estarán publicadas na páxina web do Concello de Negreira

5. **Envío das fotografías e requisitos técnicos das mesmas**

As fotografías que se presenten ao presente Concurso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- As fotografías que se presenten deberán ter, polo menos, a unha muller como protagonista.
- Cada persoa participante poderá enviar un máximo dunha fotografía.
- As fotografías poden ser horizontais ou verticais.
- Non se admitirán montaxes fotográficas, nin fotografías con nomes ou marcas identificativas da persoa autora.
- As fotografías terán que enviarse nun arquivo dixital (formato JPG) dun mínimo de, polo menos, 5 megapíxeles.
- As fotografías deben ser enviadas como arquivo axunto dun correo electrónico, ou ben por WeTransfer ao seguinte enderezo electrónico: cimnegreira@yahoo.es. No asunto do correo electrónico deberase indicar o seguinte: III Concurso Fotográfico “*Muller Rural*” do Concello de Negreira e o nome da persoa participante.

- No correo electrónico no que se axunte a fotografía, deberá enviarse tamén o formulario de inscrición asinado e cumprimentado. En caso de que a persoa participante sexa menor de idade, deberá incluír o consentimento dos seus titores/as legais asinado.
- O nome do arquivo fotográfico presentado a Concurso deberá incluír o nome da persoa autora para facilitar a súa identificación.
- As imaxes que se presenten ao Concurso non poden ter sido publicadas en catálogos, revistas, xornais ou similares, e non poden ter recibido ningún premio noutro concurso, festival, certame ou nalgún evento similar.
- A participación neste Concurso suporá unha declaración expresa por parte das persoas participantes de que, no caso de que a súa fotografía resulte gañadora, cederán gratuitamente ao Responsable, os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública sobre elas, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas.

6. Calendario do Concurso

O presente Concurso réxese polos seguintes prazos:

- Datas para a presentación de fotografías: dende o 1 o 10 de outubro de 2024 (ata as 23.59 horas).
- Publicación do fallo do xurado: 15 de outubro do 2024. A notificación dos resultados farase pública na páxina web municipal. Así mesmo, avisarase ás persoas que resulten gañadoras do certame.
- Entrega de premios: As persoas que resulten gañadoras deberán recoller, de xeito presencial, o seu premio no Concello de Negreira (rúa Carmen, Nº 3, CP: 15830). A data de recollida será a acordada entre o Responsable do presente Concurso e a persoa gañadora.
- En caso de que unha das persoas gañadoras non poida recoller o seu premio, poderá autorizar a algunha outra persoa para recoller o premio. En tal caso, será necesario que a persoa gañadora facilite o nome completo e o DNI, carne de conducir ou Tarxeta de Residente da persoa que autoriza a recoller o premio no seu nome.

7. Premios

As persoas interesadas en participar no Concurso poderán facelo en dúas categorías (Maiores e Rapazada). As persoas que resulten gañadoras en cada unha das categorías recibirán os seguintes premios:

- **Primeiro premio para a categoría Maiores (de 18 anos en diante):** Vale de 100 € para compras no comercio local do Concello de Negreira.
- **Primeiro premio para a categoría Rapazada (menos de 18 anos):** Vale de 100 € para compras no comercio local do Concello de Negreira.

O xurado designará a 2 persoas gañadoras (1 na categoría “*Maiores*” e 1 na categoría “*Rapazada*”). O xurado deberá escoller tamén a 2 suplentes, sempre que as cifras de participación o permitan.

Considerarase dentro da categoría “*Maiores*” a toda aquela persoa que no momento de finalizar o prazo de inscrición ao Concurso teña cumpridos os 18 anos. Sendo da categoría “*Rapazada*” o resto de persoas participantes.

8. Xurado

- O xurado estará integrado por 2 persoas vinculadas ao sector profesional da fotografía (xornalistas, fotógrafos/as, reporteiros/as, deseñadores/as gráficos/as, etc.) ou ao sector da cultura, así como por unha terceira persoa que traballe no Concello de Negreira.
- O fallo do xurado será inapelable.
- O xurado deberá escoller a 2 persoas gañadoras e 2 suplentes, sempre e cando as cifras de participación o permitan.
- O xurado escollerá os mellores traballos, tendo en conta a presenza e/ou o papel da muller na fotografía e tendo en conta termos de calidade da fotografía.
- O xurado resérvase o dereito a declarar o Concurso deserto en caso de que non houbese suficiente participación ou en caso de que as imaxes presentadas polas persoas participantes non reunisen os requisitos esixidos ou os niveis de calidade demandados.
- O xurado resérvase o dereito a rexeitar aqueles traballos que non se axusten á convocatoria.
- O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello de Negreira <http://www.concellodenegreira.gal/>.

9. Outras cuestións

- A organización do Concurso resérvase o dereito de excluír as fotografías que poidan considerarse vexatorias ou ofensivas.
- Calquera feito que non estea previsto nestas Bases ou dúbida sobre a interpretación das mesmas será resolto a criterio do xurado.
- Polo feito de participar neste Concurso, as persoas autoras das fotografías ceden os seguintes dereitos:
 - As persoas autoras ceden ao Responsable os dereitos de uso, difusión, distribución, comunicación pública, exhibición, produción e reprodución para poder publicar ou exhibir as fotografías participantes da presente edición en calquera formato ou soporte de difusión.

- As persoas autoras permítenlle ao Responsable empregar estas imaxes para unha futura exposición fotográfica ou para facer calquera outra acción ou actividade promocional vinculada ao Concurso.
- Polo feito de participar neste Concurso, considérase que as persoas participantes están a facer unha declaración expresa de ser os posuidores dos dereitos de autoría da imaxe que presentan ao concurso. Así mesmo, deberán contar con autorización expresa e permiso das persoas que poidan recoñecerse na fotografía. No caso de persoas menores de idade, deberá contar con esa autorización expresa por parte das persoas que ostenten a titoría legal do neno, nena ou adolescente. Re caerá sobre a persoa participante a responsabilidade derivada do dereito á intimidade e á propia imaxe que a difusión desas imaxes e a súa inclusión neste concurso poidan levar aparelladas.

10. Datos de carácter personal

O Responsable obterá datos de carácter persoal de cada unha das persoas participantes: nome completo, teléfono móbil, correo electrónico, data de nacemento, etc. Estes datos empregaranse, unicamente, como inscrición no Concurso e, en todo caso, como acción promocional na páxina web e nas redes sociais do Responsable (neste caso, páxina web e redes sociais vinculadas ao Concello de Negreira). Os datos facilitados polas persoas participantes NON se empregarán para outras accións máis aló do concurso.

Todas as persoas participantes do Concurso están de acordo e son conscientes de que, durante a entrega de premios, se lles poden facer fotografías ou gravar vídeos para a utilización promocional por parte do Responsable.

As persoas participantes autorizan o tratamento dos seus datos persoais de conformidade coa lexislación vixente e para o fin para o que se destinan. Garántese ás persoas participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais, para que o haberán de dirixirse ao Concello de Negreira con domicilio social no Carmen, Nº 3 (Negreira, A Coruña), CP: 15830 e CIF P-1505700C. Coa participación neste Concurso, a persoa presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais por parte do Responsable conforme as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD). Os datos persoais solicitados inclúense nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Negreira, coas finalidades descritas anteriormente. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán ser exercidos pola persoa participante dirixíndose por escrito ao Concello de Negreira, a través do enderezo electrónico concello@concellodenegreira.es ou persoalmente nas oficinas de atención ao público, sitas Carmen, Nº 3 (Negreira, A Coruña), CP: 15830. En ambos casos, deberá identificarse presentando fotocopia do seu DNI ou de calquera outro documento oficial de identificación.

11. Condicións e incidencias

A participación neste Concurso implica a aceptación expresa das persoas participantes das presentes Bases. As persoas participantes autorizan expresamente a divulgación dos seus nomes na páxina web do Concello de Negreira, nas redes sociais vinculadas ao Concello de Negreira e nos medios que o Responsable considere co fin de promocionar e publicitar o presente Concurso. Así mesmo, as persoas participantes autorizan ao Responsable a calquera comunicación pública que se produza con motivo do Concurso en calquera soporte comunicativo vixente na actualidade ou no futuro.

O Responsable do Concurso resérvase o dereito de efectuar os cambios que redunden no bo funcionamento do Concurso cando conorra unha causa xusta ou motivos de forza maior que impidan levalo ao termo na forma na que o recollen estas bases.

O Responsable resérvase o dereito de ampliar ou aprazar o período do Concurso, así como a modificalo ou cancelalo, en caso de que tivesen lugar circunstancias excepcionais que impedisen a súa realización.

O Responsable non se fará cargo dos atrasos, perdas ou deterioro por causas que non lle sexan imputables. A empresa organizadora tampouco responderá dos casos de forza maior que puideran impedir á persoa gañadora gozar do seu premio.

O Responsable queda exonerado dos fallos cuxa responsabilidade sexa da persoa participante ou de calquera terceiro que escapen do seu control.

Calquera tipo de fraude detectado no sistema de participación determinará a inmediata eliminación das persoas participantes afectadas.

Así mesmo, a persoa concursante admite ser inmediatamente descualificada se, durante o concurso ou incluso despois da publicación do fallo do xurado ou da entrega de premios, se ten coñecemento de que algún dos condicionantes indicados nas presentes Bases non se cumpre completamente ou calquera das declaracións da concursante é total ou parcialmente falsa, errónea ou incerta.

Se dita descualificación se producise en relación con algunha fotografía gañadora, a persoa concursante comprométese a devolver o premio entregado.

En calquera caso, o Responsable velará sempre polo bo nome, prestixio e bo funcionamento do concurso.

12. Datos de contacto

Para a resolución de calquera dúbida sobre a administración do Concurso ou xestión, as persoas interesadas poden contactar co Responsable a través das seguintes vías:

- Chamando ao teléfono 981 88 63 20 no horario de atención.
- A través do correo electrónico cimnegreira@yahoo.es.
- A través das redes sociais vinculadas ao Concello de Negreira.

13. Depósito das Bases

As presentes Bases estarán publicadas na páxina web do Concello de Negreira.

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que o CONCELLO DE NEGREIRA, con CIF P1505700C e domicilio en Rúa do Carmen 3, 15830 Negreira (A Coruña), é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais, á cal vaia dirixida a presente solicitude. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada nos art. 6.1 c) “o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento” art 6.1 d) “o tratamento é necesario para protexer intereses vitais da persoa interesada ou de outra persoa física”, e a obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.^a de o RXP. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@concellodenegreira.es ou a través do Rexistro Central do Concello de Negreira, incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos da persoa interesada, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que a represente, petición que se concreta á solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma da persoa solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://concellodenegreira.gal/index.php/es/politica-de-privacidad>